

## GUIÓN EXPLICATIVO PARA A CREACIÓN DE ASOCIACIÓNS

### Introducción

Desde a Concellería de Participación Cidadá, temos como obxectivo fomentar e colaborar coas distintas asociacións do noso concello, independentemente do seu campo de actuación.

Coidamos que a participación veciñal é necesaria para a óptima resolución de distintas cuestións municipais, amais de que contribue a facer do Concello unha Administración mais aberta e asequible a cidadanía.

Co ánimo de facilitar e orientar a todos aqueles/as interesados/as en constituir unha asociación, creamos este breve guión para que serva de guía

### 1.- Que é unha asociación e como proceder para a súa creación

Unha asociación é un grupo de persoas, mínimo tres, que se xuntan voluntariamente para conseguir unha finalidade, ven sexa de interese xeral ou particular, sen ánimo de lucro.

As asociacións son autónomas e teñen personalidade xurídica propia. Dotándose de estatutos para o seu funcionamento.

**1.1.- O acordo de constitución**, incluírá a aprobación dos Estatutos, formalizarase mediante acta fundacional, en documento público ou privado. Esta acta conterá:

- denominación e enderezo da asociación
- nome, apelidos, NIF, nacionalidade e enderezo dos promotores
- vontade de constituir a asociación
- fins aos que se vai adicar a asociación
- elección dos membros da xunta directiva provisional.
- Si son persoas xurídicas: certificación do acordo do órgano competente e designación de persona física que actuará de representante.
- lugar, data e sinatura dos promotores.

## 1.2.- Estatutos

Os Estatutos son as regras de funcionamento polas que se rexerá a Asociación, e en ningún caso serán contrarios ao ordenamento xurídico.

Os estatutos contarán cos requisitos que estipulen os/as socio/as e ademais cos mínimos que marca o artigo 7 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que son os que a continuación se relacionan:

- 1.- denominación
- 2.- enderezo e ámbito territorial no que exerza as súas actividades
- 3.-duración, cando non se constituía por tempo indefinido
- 4.- fins e actividades descritos de forma precisa
- 5.- Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, no seu caso, as clases destes. Poderán engadir tamén as consecuencias do non pagamento das cotas por parte dos asociados.
- 6.- Os dereitos e as obrigas dos asociados e, no seu caso, de cada dunha das súas distintas modalidades.
- 7.- Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación
- 8.- Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas de cesamento, a forma de deliberación, adopción e execución dos seus acordos e as persoas ou cargos que teñen a facultade para certificarlos. Os requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, así como a cantidade de asociados precisa para poder convocar as sesións dos órganos de goberno ou de propor asuntos na orde do día.
- 9.-O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de peche do exercicio asociativo.
- 10.- O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso
- 11.- Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade. Neste punto explicaranse as causas que motiven a disolución e especificarase a quen irá destinado o patrimonio da asociación, que deberá ser outra asociación sen ánimo de lucro.

### **1.3.- Inscripción no Rexistro Xeral**

Unha vez constituída a asociación, haberá que dála de alta no Rexistro Central de Asociacións na delegación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da provincia.

A documentación que se precisa para a inscrición é a seguinte:

- Solicitud normalizada
- Acta fundacional por duplicado
- Estatutos por duplicado e con sinaturas orixinais en todas as follas, de polo menos 3 promotores con seu DNI
- Documentación que acredite a personalidade: copia do DNI se son persoas físicas, ou Certificación do acordo adoptado polo órgano competente en que apareza a vontade de constituír a asociación, así como a designación da persoa física que a representará, que deberá remitir copia do DNI.
- Xustificante de aboamento das taxas de inscrición.

### **1.4.- Rexistro na Facenda e consecución do NIF**

Para a obtención do NIF é preciso cubrir un modelo de solicitude que facilita a Axencia Tributaria tanto nas súas oficinas como a través de Internet.

O prazo pra solicitar o NIF é de 30 días desde a constitución da asociación e amais da solicitude deberase presentar:

- Copia e orixinal da acta fundacional da asociación.
- Copia e orixinal dos estatutos da asociación selados polo Rexistro de Asociacións da comunidade autónoma.
- Fotocopia do DNI da persoa que asine o impreso da declaración censual 036.

Tras a obtención do NIF, Facenda expedirá un NIF provisional a favor da asociación, e posteriormente, o código definitivo.

### **1.5.- A Exención do IVE**

A exención do IVE deberá solicitarlo a asociación, antes da realización de operacións económicas, na Axencia Tributaria.

Documentación que se precisa:

- Solicitud de exención asinada polo presidente da asociación.
- Acta fundacional
- Estatutos
- Certificado de inscrición no Rexistro Autonómico

### **1.6 Dispoñer dunha conta bancaria**

A apertura dunha conta corrente é necesario para a xestión económica da asociación.

Para abrir a conta deberase aportar á entidade bancaria, o NIF, copia dos Estatutos e Acta fundacional.

### **1.7 Libros obrigatorios dunha asociación**

- Libro de Contabilidade, debidamente legalizado polo Rexistro Mercantil
- Libro de Actas, no que recollerán as sesións dos órganos de goberno, facendo referencia aos acordos acadados.

Necesariamente recollerán:

- Data, hora e lugar da reunión
  - Órgano que se reúne
  - Número de convocatoria
  - Asistentes
  - Orde do día.
  - O desenvolvemento da reunión
  - Os acordos adoptados
  - Sinatura de Secretaria/o e o Visto bo da/o Presidenta/e.
- Libro de socios/as, no mesmo recolleranse todos os socios/as cos que conta a asociación

## Modelos guía de documentos

### 1.- Acta Fundacional

ACTA FUNDACIONAL DA "ASOCIACIÓN.....

Na localidade de....., o día .... de ..... do ano ..... ás....

..... horas, reúnense (1 persoas físicas. 2 persoas xurídicas):

(1)D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade  
\_\_\_\_\_

(1)D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_ veciño/a de \_\_\_\_\_, rúa, lugar \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_,  
\_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_ e con nacionalidade  
\_\_\_\_\_

(2) D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_ actuando en representación da entidade

\_\_\_\_\_ con NIF n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ e con domicilio social na rúa, lugar \_\_\_\_\_  
n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_  
e con nacionalidade \_\_\_\_\_

Todos eles maiores de idade e con capacidade de obrar **ACORDAN**:

Constituír unha Asociación sen ánimo de lucro, ao abeiro da vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, denominada Asociación \_\_\_\_\_ que desenvolverá preferentemente as súas actividades no ámbito autonómico/provincial/local e terá o seu domicilio en \_\_\_\_\_, os seus fins principais son:

- a.
- b.
- c.

Os Estatutos que rexerán a Asociación leráanse a aprobaranse por unanimidade neste acto de constitución e integraranse na acta como anexos.

De seguido elixírase o órgano provisioanal de goberno, composto polas persoas que se relacionan a continuación:

Presidente/a: Sr/Sra. \_\_\_\_\_ DNI n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_ localidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con teléfono \_\_\_\_\_

Vicepresidente/a: Sr./Sra. .... DNI nº .....  
con domicilio en ..... localidade  
..... , con teléfono .....

Secretario/a: Sr/Sra. .... DNI nº ..... con  
domicilio en..... localidade ..... ,  
con teléfono .....

Tesoureiro/a: Sr. Sra. .... DNI nº ..... con  
domicilio en..... localidade ..... ,  
con teléfono .....

Vocais:

1º.- D. .... DNI nº ..... con domicilio en  
..... localidade ..... ,  
con teléfono.....

2º.- D. .... DNI nº ..... con domicilio en  
..... localidade ..... ,  
con teléfono.....

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as..... horas do  
día.....

Sinatura de todos/as os/as promotores/as ou fundadores/as:

## Modelo guía para a redacción dos Estatutos dunha Asociación

Artg.1 Constitúese esta Asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación. A Asociación con denominación (1) "ASOCIACIÓN ....."

Esta Asociación rexeráse polos seus Estatutos e pola orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e demais legislación aplicable.

Artg.2 O domicilio da Asociación será: poñer enderezo, teléfono e correo electrónico.

Artg.3 A Asociación exercerá as súas actividades no ámbito territorial de: autonómico, provincial, ou local (deberase elixir un)

Artg.4 A Asociación constitúese por tempo indefinido e disolverase de acordo cos seus Estatutos e coa lexislación vixente.

A Asociación rexeráse polos principios democráticos recollidos na Constitución Española e demais ordenamento xurídico.

Artg. 5 Fins da Asociación, aquí deberanse relacionar os que sexan. E a continuación as actividades a desenvolver para acadar os anteditos fins.

Artg. 6 . Poderán ser membros da Asociación todas as persoas físicas con capacidade de obrar, e persoas xurídicas.

A admisión é expulsión de asociados/as será acordada da Xunta Directiva.

No caso de expulsión , logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

A condición de asociado/a pérdese por: relacionar as causas, por exemplo:

- por vontade propia
- por falta de pago de ? cuotas
- etc

Artg.7 Dereitos dos Asociados/as: relacionar

Artg.8 Deberes dos Asociados/as: relacionar

Artg.9 A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral será a que elixa ao presidente de entre os seus membros, e o mandato deste durará.....anos

O presidente terá as seguintes atribucións:

- Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.

- Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; e dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artg. 10 A Xunta Directiva estará formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e..... vocais.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

Artg.11 A Asemblea Xeral será a encargada de elixir os cargos da Xunta Directiva. A duración dos cargos será por un período de... anos,  
Os cargos cesarán na súa función: relacionar as causas

Artg.12 As atribucións da Xunta Directiva serán: relacionar, por exemplo:

- 1 Programar e dirixir as actividades asociativas.
  2. Levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
  3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
  4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
  5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
  6. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
- Etc

Artg.13 A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artg.14 A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a ordedo día.



Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da Asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

Artg 15.- Competencias da Asamblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria: relacionar

Artg.16.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 17º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados do 1 ó 7 do artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó libro de actas e asinarao o/a presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 18º.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos/as asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 19.- Os acordos que vaian contra os estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artg20. Funcións do Secretario: relacionar

Artg. 21 Funcións do Tesoureiro: relacionar.

Artg 22 Atribucións do Vogais: relacionar

Artg 23. O Patrimonio da Asociación no momento de iniciar as súas actividades de de ....€. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural

Artg 24. Recursos dos que se nutre á Asociación: relacionar por exemplo:

- cuotas asociados/as
- Subvencións
- Doazóns
- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente

Artg.25 A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables.

Artg.26 Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artg.27 Os Estatutos soamente se poderán modificar por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 28º.- A Asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 29º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 30º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.